



Concello de Bueu

Expediente	3189/2019
Código SIA	1428945
Procedemento	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
Asunto	Procedemento para a cobertura dunha praza de Técnico de administración Xeral en réxime de interinidade do Concello de Bueu
Responsable	Secretaria
Documento	Anuncio de alcaldía
Trámite	Nomeamento de asesor especialista do Tribunal cualificador na corrección do cuestionario, tipo test, da proba teórica (1º exercizo)

Anuncio de alcaldía

Tendo en conta a petición formulada polo Tribunal cualificador do procedemento selectivo para a cobertura dunha praza de Técnico de administración Xeral, en réxime de interinidade do Concello de Bueu, relativa á designación de asesor especialista para asistir ao Tribunal na corrección do cuestionario, tipo test, da proba teórica (1º exercizo), convocado para o vindeiro 24 de setembro de 2020, mediante o manexo de máquina de corrección automática, co obxecto de garantir o anonimato na corrección da mesma, esixida no apartado a) da base 8.2

Considerando a autorización, de 9.7.2020 (RE núm.2020-E-RC-2782), da Deputación provincial de Pontevedra, na cesión temporal ao Concello de Bueu da máquina de corrección automática de probas tipo test e follas correspondentes para a súa utilización no proceso selectivo convocado para cobertura dunha praza de Técnico/a de administración xeral en réxime de interinidade e a designación, efectuada en favor de Rubén Gómez González, programador adscrito ao servizo de novas tecnoloxías da Deputación provincial de Pontevedra, para o manexo de dita máquina correctora.

En consecuencia, en aplicación do procedemento previsto no apartado 3º da base 7ª das bases reguladoras do procedemento e no exercicio das atribucións sinaladas no artigo 21, da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 61 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia e resto de normativa concordante, mediante resolución de alcaldía núm. 2020-0968 de data 23.07.2020 resolveuse, entre outros, o seguinte:

1º.- Nomear a Rubén Gómez González, programador adscrito ao servizo de novas tecnoloxías da Deputación provincial de Pontevedra, persoal especialista para asistir ao Tribunal na corrección do cuestionario, tipo test, da proba teórica (1º exercizo), convocado para o vindeiro 24 de setembro de 2020, mediante o manexo de máquina de corrección automática, co obxecto de garantir o anonimato na corrección da mesma.

As funcións que lle corresponderán serán as establecidas na base 7.3. das bases reguladoras do procedemento, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado en sesión ordinaria celebrada 24.01.2020. En concreto, dito asesor colaborará co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto en base a súa función de mero asesoramento, sen que participen na toma de decisións do Tribunal.

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 4WLLXLMZ3LDLH7CP7TFKEJ9R3ES | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Bueu

Dende a súa designación o asesor terá que absterse e poderá ser recusado nas mesmas condicións e polas mesmas causas que os membros do Tribunal. Igualmente, o asesor especialista gardará sxiilo e confidencialidade sobre todos os datos e asuntos sobre os que teñan coñecemento como consecuencia da súa participación ou colaboración nas labores do Tribunal de selección.

Os aspirantes, poderán formular recusación do especialista designado cando no mesmo conorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de Outubro de Réxime xurídico do sector público (LRXSP).

Documento asinado electronicamente á marxe

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 4WLLXLMZ3LDTH7CP7TFKEJ9R3ES | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2